

ESTATUTOS DA ACADEMIA GALEGA DE TEATRO



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

TÍTULO PRELIMINAR

CAPÍTULO ÚNICO

Denominación, Domicilio, Duración e Normativa

ARTIGO 1º.- Denominación, domicilio e duración.

Co nome “**ACADEMIA GALEGA DE TEATRO**” e inspirada no legado de figuras esenciais das nosas artes escénicas como Antón Villar-Ponte, Ramón Otero Pedrayo, Ramón María del Valle-Inclán e Roberto Vidal Bolaño, entre outros, créase no ámbito do Teatro e da Arte Dramática, no eido da Comunidade Autónoma de Galicia con carácter indefinido, unha ASOCIACIÓN de carácter civil e sen ánimo de lucro, que agrupa a persoas físicas que teñen a calidade de creadores, estudosos ou profesionais do Teatro, cos fins e obxectivos que se determinan no ARTIGO TERCEIRO do CAPÍTULO ÚNICO do TÍTULO PRIMEIRO destes ESTATUTOS.

A Asociación “Academia Galega de Teatro” desenvolverá a súa actividade en todo o territorio galego, fixando o seu domicilio na Rúa Álvaro Cebreiro, nº 15 – 1º; 15003 A Coruña.

Non obstante, poderá establecer toda clase de oficinas e dependencias en calquera localidade onde se estime conveniente para o mellor logro dos seus fins. O cambio de domicilio realizarase por acordo da Asemblea Xeral, podendo ser practicada a inscrición por medio de certificación do acordo coas sinaturas do Secretario e do Presidente e será comunicado a todos os socios.

Esta Asociación “Academia Galega de Teatro” terá, de acordo coas leis, personalidade xurídica propia, gozará de capacidade de obrar plena e poderá establecer acordos de colaboración con outras Asociacións que teñan obxectivos similares ou coincidentes.

A duración da Asociación “Academia Galega de Teatro” será indefinida, e a súa disolución será regulada polos presentes estatutos e a lexislación vixente.

ARTIGO 2º.- Normativa.

A actuación da Asociación "Academia Galega de Teatro" axustarase aos presentes Estatutos, e ao Regulamento de Réxime Interno que os desenvolva, ao disposto na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e ás normas complementarias da mesma.

[Handwritten signatures in blue ink]

Aug Rose

[Circular stamp: REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES ESTATUTOS VISADOS]



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

TÍTULO PRIMEIRO

DOS FINS DA ASOCIACIÓN "Academia Galega de Teatro"

CAPÍTULO ÚNICO

Dos Fins e Actividades

ARTIGO 3º.- Fins.


A Asociación "Academia Galega de Teatro" gozará, como corporación, de personalidade xurídica, manterá a súa independencia respecto a calquera grupo político, económico ou ideolóxico e terá os fins seguintes:

1. Fomentar o desenvolvemento das artes e as ciencias relacionadas directa ou indirectamente co teatro, a arte dramática e a produción teatral en todos os seus subsectores, xéneros e formatos.
2. Recoñecer e dar a coñecer a profesionalidade e excelencia artística dos seus membros e a través deles estimular a comprensión na sociedade do valor fundamental do Teatro.
3. Fomentar o progreso das artes, as técnicas e o coñecemento relacionados directa ou indirectamente co Teatro.
4. Promover a asistencia e o intercambio de experiencias e de información artística, científica e técnica entre todos os seus membros, a coordinación dos diferentes aspectos das súas actuacións e a análise dos problemas profesionais comúns.
5. Realizar estudos e traballos científicos, artísticos e técnicos sobre cuestións relacionadas co Teatro, editalos e difundilos e promover e apoiar a investigación sobre ditas materias, convocando e concedendo as axudas que se consideren convenientes.
6. Facilitar á Administración Pública os informes que sobre materias relacionadas co Teatro lle sexan solicitados, así como propoñer á mesma as iniciativas que a Asociación "Academia Galega de Teatro" estime oportunas.
7. Establecer intercambios artísticos e culturais con entidades similares do resto do Estado español ou mesmo estranxeiras.
8. A posible concesión de premios a traballos artísticos, profesionais, de difusión ou de investigación científica ou outros relacionados co sector do Teatro en Galicia.



ARTIGO 4º.- Actividades.

Para a consecución destes fins, a Asociación “Academia Galega de Teatro” realizará as seguintes actividades:

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- a) A organización de conferencias, seminarios ou congresos de contido artístico, científico, político ou sociocultural sobre o Teatro ou a Arte Dramática.
 - b) A convocatoria e organización de premios destinados a recoñecer o traballo dos creadores, autores, artistas e profesionais máis destacados no desenvolvemento das distintas áreas que comprende o Teatro.
 - c) Creación dos servizos dedicados ao estudo e investigación da interacción entre o Teatro e a tecnoloxía.
 - d) Convocatoria de concursos e certames dirixidos a favorecer a investigación, difusión e recoñecemento do traballo desenvolvido no Teatro.
 - e) Calquera outra actividade tendente a elevar o nivel artístico, técnico ou científico dos seus membros, de xeito que o teatro alcance a relevancia social que lle corresponde, e cantas outras teñan como obxectivo fomentar a promoción e difusión das obras teatrais.

ARTIGO 5º.

Compete á Asociación “Academia Galega de Teatro” a resolución de todo o relativo ao seu goberno e orde interna.

ARTIGO 6º.




A Asociación “Academia Galega de Teatro” formulará, a partir da publicación dos presentes Estatutos, e en consonancia con eles, o seu Regulamento de Réxime Interno, e marcará oportunamente o seu plan de actuación.

Dito Regulamento desenvolverá o articulado dos presentes Estatutos, precisando cantos aspectos se consideren oportuno.

ARTIGO 7º.



A Academia terá toda a amplitude necesaria para desenvolverse con plena capacidade xurídica e económica co obxecto de realizar e concertar toda serie de actos e contratos conducentes aos seus fins, podendo mesmo crear, promover e participar noutras entidades ou institucións.



Española aprobada polas Cortes o 31 de outubro de 1978.

Circular stamp:

Rectangular stamp: **REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES**
ESTATUTOS VISADOS



5



TÍTULO SEGUNDO

DA ORGANIZACIÓN DA ASOCIACIÓN "ACADEMIA GALEGA DE TEATRO"

CAPÍTULO PRIMEIRO

Dos Membros

ARTIGO 8º.

Poderán ser membros da Asociación "Academia Galega de Teatro", en xeral e sen prexuízo do establecido nos presentes estatutos, as persoas físicas que sexan creadoras, estudosas ou profesionais do teatro, ademais de aquelas que polo seu labor relacionado co medio sexan designadas membros de honra. Para a súa admisión como membro, as persoas interesadas formularán a súa solicitude dirixida ao Presidente da Academia, quen a someterá á aprobación da Xunta Directiva na primeira reunión que esta celebre.

A Asociación "Academia Galega de Teatro" compoñeráse de Membros Fundadores, Membros Numerarios, Membros de Honra e Membros Adheridos; ningún deles cobrará retribución algunha polos labores realizados no ámbito das súas funcións dentro da Academia.

ARTIGO 9º.

1. Son Membros Fundadores aqueles que formaron parte da Asemblea Constituínte da Academia Galega de Teatro, tendo dereito a que figure esta condición no título acreditativo da súa pertenza á Academia.

2. Serán Membros Numerarios os Membros Fundadores e todos aqueles que o soliciten e cumpran os requisitos establecidos nos Estatutos e no seu desenvolvemento complementario.

3. Para ser Membro Numerario requirírase:

a) Solicitalo e exercer a profesión teatral en Galicia.

b) Pertencer a unha ou varias das seguintes Especialidades Teatrais:

1- Producción, distribución, xestión e programación.

2- Creación literaria, escritura dramática e dramaturxia.

3- Dirección.

4- Interpretación.

5- Plástica Escénica.

6- Música Escénica.

7- Estudos, divulgación e crítica.

8- Calquera outra especialidade que exista ou poida existir nun futuro relacionada co Teatro desde o punto de vista artístico, científico ou técnico.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

c) Cumprir cos requisitos que contemple o Regulamento de Réxime Interno.

4. A efectos de constancia e garante dos membros da Asociación "Academia Galega de Teatro", levarase un libro rexistro dos mesmos, onde se especifique a súa condición de fundador, numerario, adherido ou de honra, dilixenciado polo Secretario co visto e praxe do Presidente e do que se expedirán os oportunos certificados.

ARTIGO 10º.

1. Os profesionais escénicos que desenvolvan, ou teñan desenvolvido, a súa actividade en categorías profesionais diversas, que non figuren na anterior relación, serán considerados pola Xunta Directiva de maneira singular e esta pronunciarase sobre ditos profesionais aténdose ás mesmas normas e criterios que rexen para os Membros Adheridos.

2. En tanto non veña recollida no ARTIGO anterior a Especialidade á que pertencen os candidatos aludidos no parágrafo anterior, estes serán no seu caso admitidos como Membros Adheridos, sen prexuízo de que se no futuro se incluíra a Especialidade á que pertencen no listado do ARTIGO 9.3.b), pasaran a ser membros Numerarios.

ARTIGO 11º.

Os Membros de Honra, serán aquelas persoas que polo seu prestixio e traxectoria ou por teren contribuído de xeito relevante á significación e desenvolvemento do teatro, se fagan acreedoras de tal distinción. Os Membros de Honra que poderán ou non ser Membros da Academia, serán designados pola Xunta Directiva, por maioría de dúas terceiras partes dos membros presentes, en virtude de proposta feita por tres Membros da mesma, acompañada dunha relación dos méritos e condicións do candidato. Esta posibilidade de designación deberá constar nun punto específico da Orde do Día, con expresión do nome e apelidos do candidato que se vai propoñer.

ARTIGO 12º.

1. Os Membros Adheridos serán persoas pertencentes a diferentes campos de actividade, tanto artísticos, literarios ou xornalísticos, como doutra índole, pero que non cumpran os requisitos oportunos para ser membros numerarios. Deberán ser propostos por tres membros da Xunta Directiva, e a súa admisión será decidida por esta por maioría de dúas terceiras partes dos membros presentes, e sempre en calidade de colaboradores, baixo a supervisión e control da propia Xunta Directiva.

2. Os profesionais que pertencen a unha das especialidades enumeradas no ARTIGO 9.3.b) anterior que non desenvolvan a súa actividade profesional en Galicia, poderán solicitar o ingreso na Academia como Membros Adheridos.

ARTIGO 13º.

Os Membros da Asociación “Academia Galega de Teatro” deixarán de selo:

- a) A petición propia.
- b) Por sanción acordada pola Xunta Directiva, adoptada por maioría de dous terzos dos seus compoñentes, previa audiencia do interesado.

ARTIGO 14º.

1. Son dereitos dos Membros Numerarios e Adheridos da Asociación “Academia Galega de Teatro”:

- a) Participar nas actividades da Asociación “Academia Galega de Teatro” e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito a voto, así como asistir á Asemblea Xeral de acordo cos estatutos.
- b) Votar nas Asembleas Xerais.
- c) Votar as candidaturas e premios que outorgue a Asociación “Academia Galega de Teatro”.
- d) Formar parte da Xunta Directiva, cando sexan elixidos para ela.
- e) Propoñer á dita Xunta Directiva as iniciativas que estimen oportunas.
- f) Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- g) Formar parte das Comisións e Grupos de Traballo que se constitúan.
- h) Recibir toda a información que soliciten sobre as actividades da Asociación “Academia Galega de Teatro”.
- i) Recibir as publicacións da Asociación “Academia Galega de Teatro”.
- j) Asistir a todos os actos públicos que convoque a Asociación “Academia Galega de Teatro”.



2. Os dereitos dos Membros de Honra da Asociación "Academia Galega de Teatro" que xa foran Membros da Academia no momento do seu nomeamento serán os mesmos cós dos Membros Numerarios. Os Membros de Honra que non tiveran sido Membros da Academia no momento do seu nomeamento, terán os mesmos dereitos, excepto votar nas Asembleas Xerais e formar parte da Xunta Directiva. Os Membros de Honra da Asociación "Academia Galega de Teatro" están exentos do pagamento de cotas de calquera tipo que se establezan así como de toda responsabilidade económica.

3. Son obrigacións dos Membros Numerarios e Adheridos da Asociación "Academia Galega de Teatro":

- a) Cumprir o establecido nos presentes Estatutos e no seu Regulamento.
- b) Acatar e cumprir os acordos que se adopten nas Asembleas Xerais.
- a) Acatar e cumprir os acordos que adopte a Xunta Directiva.
- b) Axustarse ás normas que se establezan para o desenvolvemento dos traballos das Comisións nas que interveñan.
- c) Satisfacer as cotas de entrada, ordinarias ou extraordinarias que determine a Asemblea Xeral.
- d) Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.

4. Os Membros de Honra da Asociación "Academia Galega de Teatro" terán as mesmas obrigacións cós Membros Numerarios e Adheridos a excepción do pago de cotas.

ARTIGO 15°.

Procedemento de admisión dos socios numerarios da Asociación "Academia Galega de Teatro".

a) O interesado formulará a súa solicitude dirixida ao Presidente da Academia, quen a someterá á Xunta Directiva na primeira reunión que esta celebre. Esta Xunta Directiva deberá resolver expresando os motivos e comunicando a resolución ao solicitante, e informando posteriormente a todos os socios da Asociación. Transcorrido dito prazo sen resolución expresa por parte da Xunta Directiva, entenderase denegada a admisión.

b) Denegada a admisión, o solicitante poderá recorrer no prazo dun mes a contar dende a súa notificación ou da fin do prazo. Dito recurso dirixirase á Asemblea Xeral que resolverá na primeira que se realice, por medio de votación secreta, sendo preceptiva en ambos os dous casos a audiencia previa do interesado.

c) O acordo de admisión tamén poderá ser impugnado por socios que representen como mínimo o 5% dos mesmos no prazo de dez días dende a publicación do acordo ante a Xunta Directiva, quen resolverá no prazo máximo dun mes ou, no seu defecto, ante a Asemblea Xeral, no prazo tamén de dez días, quen resolverá o recurso na primeira que se realice, por votación secreta, e, en ambos casos, previa audiencia do interesado. Até que non teña transcorrido o prazo para recorrer, ou até que resolva a Asemblea Xeral, quedará en suspenso o acordo de admisión.

[Handwritten signatures and initials in blue ink, including "Pru", "Alto", "Cay", "Rosa", "H", "A", "Z", "F.L.", and "Antonio" with a line pointing to a signature.]



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO SEGUNDO

Da Asemblea Xeral



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 16º.

O órgano supremo da Asociación "Academia Galega de Teatro" é a Asemblea Xeral, que estará formada por todos os asociados e que adoptará as decisións por maioría simple de votos presentes ou representados, non cobrando remuneración algunha pola súa participación. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. As ordinarias celebraranse polo menos unha vez ao ano. Con carácter extraordinario reunirse sempre que sexa convocada pola Xunta Directiva, o Presidente, ou cando o solicite, por escrito, unha décima parte, polo menos, dos membros. A Asemblea Xeral será convocada con quince días de adianto como mínimo, agás casos de urxencia que a Xunta Directiva aprecie. Neste suposto, a convocatoria deberase facer como mínimo 2 días antes da data de celebración garantindo sempre a comunicación da mesma a todos os membros.

ARTIGO 17º.

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario entre os meses de abril e xuño de cada ano, para a rendición de contas do ano anterior e a aprobación do orzamento do seguinte. Mentres non se teña reunido, consideraranse prorrogadas as distintas partidas do orzamento anterior, con carácter provisional até a aprobación das oportunas rectificacións.

A Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, quedará constituída de pleno dereito, en primeira convocatoria, se se atoparan presentes ou representados a metade máis un dos membros, e en segunda convocatoria poderá constituírse pasada media hora da primeira, calquera que sexa o número de asistentes. Porén, cando a Asemblea Xeral teña que adoptar acordos sobre a disolución da Academia será precisa a concorrencia de dous terzos dos seus compoñentes, en primeira convocatoria, e necesitará a metade máis un destes na segunda convocatoria. Os membros da Academia poderán asistir á Asemblea Xeral representados por outro membro debidamente acreditado.

ARTIGO 18º. Forma da Convocatoria.

1. As convocatorias faraaas o Secretario por carta, telegrama ou sistema electrónico.
2. A convocatoria farase pública cunha antelación mínima de quince días no suposto de Asemblea Ordinaria, e de tres días no da Asemblea Extraordinaria, e cun máximo de dous meses á data de realización da Asemblea Xeral.

3. A convocatoria indicará polo menos data, hora, lugar e localidade da reunión en primeira e segunda convocatoria cun intervalo de tempo entre a primeira e a segunda convocatoria como mínimo de media hora, expresando con claridade, precisión e detalle de abondo os asuntos que compoñen a orde do día, así como a documentación relativa aos mesmos, que poderá examinarse no domicilio social da Asociación.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 19º. O dereito de voto.

O dereito de voto poderase exercitar por medio doutro asociado, que non poderá representar, á parte de si mesmo, a máis de dous asociados. A delegación de voto, que só se poderá realizar para unha asemblea concreta, deberá efectuarse mediante escrito autógrafo ou poder especial subscrito polo representado para cada asemblea, verificada tal representación polo Secretario da Asemblea.

A representación conferida entenderase revogada, se o socio representado asiste á Asemblea Xeral para a que concedeu a súa representación.

ARTIGO 20º. Funcionamento da Asemblea.

1. A Asemblea Xeral estará presidida polo Presidente e, no seu caso, polo Vicepresidente, e en defecto de ambos pola persoa que designe a Xunta Directiva. Actuará de Secretario quen exerza esa función na Xunta Directiva, e, no seu defecto, a persoa que designe a Asemblea.

2. Corresponde ao Presidente facer o cómputo dos asistentes, e declarar, no seu caso, constituída a mesma. De igual maneira, correspóndelle ao Presidente dirixir as deliberacións, manter a orde no desenvolvemento da Asemblea, e velar polo cumprimento das formalidades legais e estatutarias.

3. As votacións serán secretas nos supostos previstos na lei ou cando teñan por finalidade a elección ou renovación dos membros dos órganos sociais. Adoptarase tamén mediante votación secreta o acordo sobre calquera punto da orde do día, cando así o solicite un dez por cento dos votos presentes e representados.


4. Serán nulos os acordos sobre asuntos que non consten na orde do día, agás o de convocar unha nova Asemblea Xeral, prorrogar a sesión, destituír ou revogar a calquera membro ou membros dos órganos sociais.

5. Así mesmo, a Xunta Directiva ou, no seu caso, a Asemblea Xeral, poderán autorizar a asistencia, sen dereito de voto, de calquera outra persoa da que a súa presenza resulte de interese para o bo funcionamento da Asociación.



ARTIGO 21º. Competencias.

A Asemblea Xeral, debidamente convocada e constituída, ten as máis amplas facultades para deliberar e resolver cantos asuntos teñan relación coa finalidade da Academia. Compételle á Asemblea Xeral:

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- a) A Asemblea Xeral terá como función específica a de nomear aos membros da Xunta Directiva e o seu Presidente entre as candidaturas que aspiren a estes cargos, tras ter coñecemento dos seus programas de traballo. Elixirá, igualmente, os Membros das Comisiones de Garantías, Interventora ou Liquidadora; esta última, soamente no caso de disolución da Asociación “Academia Galega de Teatro”.
 - b) A aprobación e liquidación dos orzamentos de ingresos e gastos anuais da Academia e fixación das cotas que a cada un dos membros lle corresponde para cubrilos.
 - c) A aprobación ou reprobación da actuación dos órganos representativos da Academia.
 - d) Delegar na Xunta Directiva, total ou parcialmente, a facultade de ampliar o orzamento de gastos durante o exercicio, ou dispoñer indispensables transferencias de créditos orzamentarios.
 - e) A aprobación e reforma dos estatutos.
 - f) A disolución e liquidación da Academia.
 - g) Calquera outra competencia que lle veña atribuída por lei.
 - h) A ratificación das baixas sempre que non sexan por vontade propia ou por falta de pagamento de cotas.

ARTIGO 22º.



Os acordos tomaranse por maioría de votos presentes ou representados, non obstante, requirirán maioría cualificada das persoas presentes e representadas, os acordos relativos á disolución, modificación dos estatutos, disposición ou alleamento de bens, e remuneración dos membros de órganos de representación. Cada membro terá dereito a un voto. De cada reunión levantarase unha acta que recolla a marcha dos debates e intervencións que tivesen lugar, así como as modalidades de decisión (unanimidade ou maioría), e os votos particulares sobre as decisións adoptadas con expresión dos seus autores. As actas inseriranse nun libro debidamente dilixenciado e serán autorizadas polo Secretario da Academia, co visto e praxe do Presidente. De cada acta, o Secretario, co visto e praxe do Presidente, expedirá os certificados que se precisen.

ARTIGO 23º.



Nas reunións unicamente poderán ser tratados e coñecidos os asuntos que previamente foran sinalados na orde do día pola Xunta Directiva. A Xunta deberá



Nas Asembleas Xerais, sexan ordinarias ou extraordinarias, é obrigada a existencia dun punto na orde do día reservado a *Rogos e Preguntas*. Neste punto serán expostos todos aqueles temas que non necesiten aprobación. Os temas formulados no punto de rogos e preguntas, que necesiten o referendo da Asemblea, deberán ser tratados nunha próxima Asemblea tendo que figurar como punto da orde do día.

Asemblea, deberán ser tratados nunha próxima Asemblea tendo que figurar como
punto da orde do día.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO TERCEIRO



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTADÍSTICA VISADOS

Nomeamento da Xunta Directiva e das Comisi3ns de Garant3as, Interventora e Liquidadora

ARTIGO 24º.

a. Tanto a Xunta Directiva como as Comisi3ns de Garant3a, Interventora e Liquidadora ser3n elixidas entre os Membros en Asemblea Xeral, ben sexa Ordinaria ou Extraordinaria, debendo figurar este acto nun dos Puntos da Orde do D3a e non cobrando remuneraci3n algunha polo desempe3o das s3as funci3ns. A elecci3n poder3 realizarse tam3n mediante voto secreto emitido por correo.

b. Os cargos da Xunta Directiva ser3n elixidos pola Asemblea Xeral, previa presentaci3n do seu programa de traballo, na modalidade de "candidaturas cerradas", entend3ndose por tales as listas dos Membros que compo3nen cada candidatura encabezadas pola persoa que se propo3a como Presidente. As candidaturas deber3n estar integradas por Membros das distintas especialidades de xeito que se poida dar cumprimento ao establecido nos apartados d) e mais e) seguintes. A estas candidaturas poder3 optar calquera Membro Numerario da Asociaci3n "Academia Galega de Teatro" sempre que cumpra o requisito de residencia permanente en Espa3a. A elecci3n poder3 realizarse tam3n mediante voto secreto emitido por correo.

c. Ter3n dereito a votar todos os Membros Numerarios da Asociaci3n "Academia Galega de Teatro", atend3ndose 3s normas que ser3n precisadas no Regulamento de R3xime Interno.

d. A Xunta Directiva constar3 dun m3nimo de seis membros e dun m3ximo de dez que correspondan como m3nimo a tres das Especialidades da Academia Galega de Teatro.

e. A Xunta Directiva, unha vez proclamada, elixir3, por maior3a simple, de entre os seus Membros: un Vicepresidente, un Secretario e un Tesoureiro. En caso de empate, o Presidente ter3 voto de calidade. Os cargos de Presidente e Vicepresidente deber3n pertencer a especialidades distintas. O mandato da Xunta Directiva ser3 por catro anos, podendo ser reelixidos os seus membros durante un m3ximo de d3as convocatorias consecutivas.

f. A Xunta Directiva poder3 propo3er provisionalmente o nomeamento de Vogais para ocupar as vacantes que existan, que deber3n ser ratificados na primeira Asemblea que se convoque con posterioridade 3 designaci3n.

seguintes a contar desde la celebracion de Asamblea General a que fueron enxiados.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTADUTOS VISADOS

CAPÍTULO CUARTO

Da Xunta Directiva



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 25°.

A Xunta Directiva ten as seguintes facultades:

- a. Os poderes máis amplos para a xestión dos fins da Academia, podendo, en consecuencia, executar os actos e celebrar os contratos que sexan necesarios e convenientes ao seu xuízo, sen outras limitacións que as que establecen as disposicións aplicables e que estes estatutos lle atribúen á Asemblea Xeral.
- b. Confeccionar e someter á Asemblea Xeral os orzamentos anuais da Academia.
- c. Confeccionar e preparar as contas e memorias do exercicio anterior e determinar as cotas anuais dos membros, para a súa ulterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- d. Elixir Vicepresidente, e nomear Secretario, Xerente e calquera outro cargo da Academia.
- e. Admitir novos membros ou acordar a súa baixa, ben sexa esta a petición propia ou como sanción, dando no seu momento conta á Asemblea Xeral.
- f. Levar a representación xurídica da Academia e exercer os seus dereitos e accións en xuízo e fóra del, podendo delegar estas facultades, así como calquera outra atribuída por estes estatutos e polas disposicións aplicables, indistintamente, no seu Presidente, nalgún ou nalgúns dos seus membros, no Xerente, no Secretario ou en persoa allea á Academia, sen máis limitacións que as contidas na lexislación aplicable.
- g. A Xunta Directiva resolverá as dúbidas que se dean na interpretación dos presentes estatutos e suplirá as súas omisións, dando conta á Asemblea Xeral para que acorde o que estime oportuno.
- h. Acordar a celebración das Asembleas Xerais, as súas datas e a Orde do Día das mesmas.
- i. Aprobar e/ou modificar os desenvolvementos regulamentarios dos Estatutos.
- j. Calquera outras funcións que lle sexan encomendadas pola Asemblea Xeral e/ou que non veñan atribuídas expresamente polos Estatutos á Asemblea, ao Presidente ou a outro cargo.
- k. Todas as demais funcións propias do seu cometido, contempladas na lexislación aplicable.

ARTIGO 26°.

A Xunta Directiva terá ao seu cargo a dirección, administración e representación da Asociación "Academia Galega de Teatro", cuxas funcións estarán delegadas nos Membros da Xunta Directiva.

ARTIGO 27º.

As relacións da Xunta Directiva coas Institucións Públicas ou Privadas establecerase unicamente a través do seu Presidente e nas persoas por el delegadas. Ningún Membro da Asociación "Academia Galega de Teatro" poderá establecer relacións de representación coas Institucións sen a previa autorización escrita da Xunta Directiva en cada caso particular.

ARTIGO 28º.


1. A Xunta Directiva reunirse ao menos unha vez por trimestre en sesión ordinaria por iniciativa do Presidente ou, en sesión extraordinaria, a proposta do Presidente ou a proposta dun terzo dos seus Membros, mediante un procedemento que asegure a correcta notificación da convocatoria e a súa recepción polo destinatario. Notificarase con sete días naturais de anticipación a data da súa celebración, e na convocatoria figurarán os Puntos da Orde do Día cos asuntos a tratar, estando o último reservado a Rogos e Preguntas. As sesións da Xunta Directiva iniciaranse coa lectura e aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.

2. Os membros da Xunta Directiva poderán asistir presencial ou de forma telemática, polo que non se admitirá a delegación de voto, debendo advertir coa debida antelación a súa intención de participación telemática, aos efectos de articular os medios tecnolóxicos adecuados.

3. Para que resulte válida a reunión, en primeira convocatoria, deberán asistir, polo menos, a metade máis un dos seus membros. Se na citación non consta expresamente a segunda convocatoria, queda sobreentendido que media hora despois da sinalada quedará constituída en segunda convocatoria, e serán válidos os acordos que se adopten, calquera que sexa o número de membros asistentes, sempre que un destes sexa o Presidente ou persoa que legalmente o substitúa.

ARTIGO 29º.

Os acordos da Xunta Directiva adoptaranse por maioría simple de votos e será decisorio o do Presidente en caso de empate. Terá voz, pero non voto, o Xerente e calquera outro Membro que, por razón de interese, poida ser invitado á xuntanza. O Presidente poderá limitar as intervencións e a súa duración, nos casos en que considere xustificada esta medida.

 Todos os acordos serán recollidos no libro de actas, que serán autorizados polo Secretario, co visto e praxe do Presidente. 



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 30º.

 Serán funcións e obrigacións do Presidente, que o é da Academia, da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, entre outras, as seguintes:

- a) Vixiar e incentivar, co apoio do Vicepresidente, a realización do programa de traballo presentado á Asemblea, e polo que foi elixido.
- b) Ostentar a representación da Asociación “Academia Galega de Teatro”, que poderá delegar por escrito.
- c) Presidir a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- d) Convocar a Xunta Directiva e, por acordo desta, a Asemblea Xeral, así como os Premios que deban outorgarse para cada rama de actividade da Asociación “Academia Galega de Teatro”.
- e) Dirixir os debates e conceder, limitar ou retirar o uso da palabra.
- d) Firmar os contratos ou convenios aprobados pola Xunta Directiva e outorgar poderes de representación, en documento privado ou en escritura pública, cando sexa necesario ou conveniente para a realización por parte de terceiros de xestións ante organismos administrativos, entidades públicas ou privadas, ou para o inicio de accións, recursos ou reclamacións xudiciais ou extraxudiciais autorizadas pola Xunta Directiva.
- e) Autorizar as actas das reunións co seu visto e praxe.
- f) Asinar as ordes de pagamento xunto co Tesoureiro.
- g) Con carácter xeral, todas as demais funcións propias do cargo.

ARTIGO 31º.

 Será funcións do Vicepresidente:

- a) Asumir as funcións do Presidente no caso de ausencia deste.
- b) A organización económica da Asociación “Academia Galega de Teatro”, así como a coordinación dos servizos que esta presta.
- c) Substituír ao Presidente nos casos sinalados regulamentariamente, especialmente no caso de renuncia ou incapacidade, en defecto de delegación escrita do Presidente.
- d) Presidir as Comisións e Subcomisións que regulamentariamente se establezan.

ARTIGO 32º.

 Serán funcións do Secretario, entre outras, as seguintes:




CONSEJO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

- 
- a) Anotar os Académicos Numerarios, de Honra e Adheridos asistentes as xuntanzas, e verificar os votos a favor ou en contra, naquelas cuestións que o Presidente someta a votación.
 - b) Redactar, consonte ás instrucións do Presidente, as convocatorias e a orde do día da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
 - c) Redactar as actas das xuntanzas e subscribilas co visto bo do Presidente.
 - d) Redactar as actas das reunións celebradas para outorgar os Premios da Asociación "Academia Galega de Teatro".
 - e) Custodiar os libros de Actas da Xunta Directiva, das Asembleas Xerais e das Reunións de Estudos e comisións.
 - f) Anotar os asistentes ás reunións e verificar os votos a favor, nulos, en branco ou en contra, naquelas cuestións que se sometan a votación, así como verificar a representación cando o dereito de voto se exerza a través da delegación a outro asociado.
 - g) Estender calquera clase de certificación que lle sexa solicitada.
 - h) Outorgar poderes de representación, en documento privado ou en escritura pública, cando sexa necesario ou conveniente para a realización por parte de terceiros de xestións ante organismos administrativos ou para o inicio de accións, recursos ou reclamacións extraxudiciais ou xudiciais autorizadas pola Xunta Directiva.

ARTIGO 33°.



1. O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos da Asociación "Academia Galega de Teatro" e abrirá contas bancarias das que poderá dispoñer, conxuntamente coa súa sinatura, coa do Presidente e a do Secretario, sendo suficientes dúas destas tres sinaturas para dispoñer dos fondos; subscribirá recibos; efectuará cobros e pagos, e dará conta mensualmente á Xunta Directiva do movemento da Tesourería.



2. O Tesoureiro terá ao seu cargo a vixilancia da contabilidade da Asociación "Academia Galega de Teatro", realizará os Balances da mesma e poderá verificar ou censurar, cando o estime oportuno, as contas das distintas seccións da Asociación "Academia Galega de Teatro" que estarán obrigadas a proporcionarlle todo tipo de facilidades.

3. Controlará e levará os libros de contabilidade da Academia.

ARTIGO 34°.



2. A Comisión Executiva formulará os orzamentos e actuará como Comisión Permanente, adoptando as actuacións que sexan necesarias polo seu carácter de urxencia, e dando conta das mesmas á Xunta Directiva, que deberá ratificalas na súa seguinte Convocatoria.

Permanente, adoptando as actuacións que sexan necesarias
urxencia, e dando conta das mesmas á Xunta Directiva, que
súa seguinte Convocatoria.

[Handwritten signature]

AL



21

CAPÍTULO QUINTO

Das Comisións Interventora, de Garantías e do Xerente



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 35º.

A Asemblea Xeral elixirá e renovará cada dous anos unha Comisión Interventora, formada por tres Membros Numerarios ou Adheridos da Asociación "Academia Galega de Teatro", que non sexan Membros da Xunta Directiva e que teñan a súa residencia permanente en España. A súa misión consistirá na revisión de contas, Tesouraría, fondos, bens e patrimonio, segundo se estableza regulamentariamente.

ARTIGO 36º.

A Asemblea Xeral elixirá e renovará cada dous anos unha Comisión de Garantías, formada por tres Membros Numerarios ou Adheridos da Asociación "Academia Galega de Teatro", que non sexan Membros da Xunta Directiva, e que teñan a súa residencia permanente en España. A súa misión consistirá en atender e asistir, en caso de necesidade, a aqueles Membros que se sintan inxustamente tratados polas decisións da Xunta Directiva.

ARTIGO 37º.

Contemplase a posibilidade de contratar a figura do Xerente da Academia Galega de Teatro. O Xerente é o cargo ao que ven encomendado o funcionamento e desenvolvemento das actividades da Academia. Os seus dereitos e obrigacións se determinarán no contrato correspondente.

ARTIGO 38º.

Ao Xerente correspóndelle:

- Por delegación do Presidente, a representación da Academia en toda clase de actos e xestións.
- Promover as actividades encamiñadas ao cumprimento das fins da Academia, proponendo á Xunta Directiva as solucións oportunas.
- Asistir ás sesións da Xunta Directiva, Asemblea Xeral, Comisión Executiva e Comisións Horizontais con voz, pero sen voto, agás no caso de ser socio de número.
- Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, segundo as instrucións dadas polo Presidente.
- Informar á Xunta Directiva do resultado e incidencias que se produzan na súa xestión.

- f) Dirixir todos os servizos da Academia. Terá ao seu cargo a dirección do persoal administrativo nas oficinas da Asociación "Academia Galega de Teatro".
- g) Propoñer á Xunta Directiva as áreas funcionais que desenvolvan as actividades da Academia.
- h) Correspóndelle ao Xerente a execución e a tramitación correspondente á contratación do persoal técnico administrativo e subalterno, axustándose en todo momento aos acordos aprobados pola Xunta Directiva.
- i) Todas aquelas que lle encomende o Presidente, a Comisión Executiva ou a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral en cumprimento do seu cargo.

[Handwritten signatures and initials in blue ink, including names like "Cay", "Ros", and "H. L."]



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓN
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO SEXTO



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Das Comisi3ns Horizontais

ARTIGO 39º Constituci3n e representaci3n.

1. A Xunta Directiva poder3 crear as comisi3ns que considere pertinentes para o bo funcionamento da Academia. Cada comisi3n ter3 delimitado o conxunto de actividades que poder3 realizar e deber3 dar conta das s3as actividades 3 Xunta Directiva, quen ratificar3, se as3 o estima oportuno, os acordos adoptados na primeira reuni3n que se celebre con posterioridade.

A designaci3n dos responsables de cada comisi3n corresp3ndelle 3 Xunta Directiva, de entre os seus membros, e as s3as actividades estar3n abertas 3 libre participaci3n de calquera acad3mico interesado, previa aceptaci3n do responsable da mesma. Cada responsable poder3 solicitar axuda a calquera membro de n3mero da Academia, que poder3 formar parte da Comisi3n.

2. A finalidade das comisi3ns 3 axilizar o funcionamento da Academia e te3en plena autonom3a para a realizaci3n de actividades dentro do 3mbito das competencias asignadas por este regulamento ou pola Xunta Directiva. Cada membro da Xunta Directiva s3 poder3 ser titular dun m3ximo de d3as comisi3ns.

5. Non obstante o anterior, a representaci3n da Academia recae unicamente na Presidencia da mesma, de xeito que as Comisi3ns e/ou os seus Membros deber3n absterse de realizar ning3n acto ou comunicaci3n en nome da Academia, sendo exclusivamente Grupos de Traballo internos.

CAPÍTULO SÉTIMO

Dos Coordinadores Territoriais



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 40º.

A Xunta Directiva, a petición dos Membros residentes nun determinado territorio, poderá designar como Coordinador territorial a un Académico Numerario ou Adherido que resida e despregue a súa actividade profesional en dito territorio para coordinar as actividades da Academia en dito ámbito territorial.

E. Freixas *Alto* *Amor* *Ros* *h*
Φ *[Signature]* *[Signature]* *[Signature]*
[Signature] *[Signature]* *Antonio Simon* *[Signature]*
[Signature] *[Signature]* *KL* *[Signature]*

TÍTULO TERCEIRO



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

RÉXIME ECONÓMICO

CAPÍTULO ÚNICO

Recursos

ARTIGO 41º.

Os ingresos da Asociación “Academia Galega de Teatro” procederán de:

- a) Cota de ingreso.
- b) Cotas ordinarias.
- c) Cotas extraordinarias, cando as circunstancias o requiran e previa autorización da Asemblea Xeral.
- d) Subvencións, axudas ou contribucións de persoas ou entidades públicas ou privadas que non condicionen os fins e independencia da Asociación “Academia Galega de Teatro”.
- e) Comercialización de publicacións ou calquera outro tipo de actividade que realice a Asociación “Academia Galega de Teatro”.
- f) Os rendementos que se obteñan pola explotación dos seus bens.
- f) Calquera outro que poida obter a Xunta Directiva dentro dos fins da Academia.

ARTIGO 42º.

1. Enténdese por cota de ingreso a que se satisfai ao ser admitido na Asociación “Academia Galega de Teatro”.
2. Cota ordinaria será a que deberán satisfacer anualmente os Membros da Asociación “Academia Galega de Teatro” e que se fixará pola Asemblea Xeral Ordinaria.

ARTIGO 43º.

En caso de disolución, o patrimonio líquido social, se houberse, será destinado aos fins benéficos ou docentes que acorde a Asemblea Xeral en que se decida a disolución e que estarán en relación directa e/ou indirecta cos Fins da Asociación “Academia Galega de Teatro”. En todo caso, o patrimonio resultante destinarase a asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro.

TÍTULO CUARTO



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

DO RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO ÚNICO

Infraccións

ARTIGO 44º.

1. As infraccións dos Membros da Asociación "Academia Galega de Teatro" aos presentes Estatutos ou ao Regulamento de Réxime Interno que no seu día se estableza e demais normas lexitimamente aprobadas pola Asociación, así como aos lexítimos acordos dos Órganos Reitores da Asociación "Academia Galega de Teatro", serán sancionadas pola Xunta Directiva con apercibimento privado, apercibimento público, suspensión do dereito ao voto e/ou a separación da Asociación "Academia Galega de Teatro", con perda de todos os dereitos, segundo a importancia da infracción ou reincidencia na mesma.

2. A Xunta Directiva poderá incoar expediente disciplinario a calquera Membro da Academia seguindo o procedemento que se determina nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos de desenvolvemento, polas razóns que se establecen a continuación:

- a) Por falsidade comprobada dos datos, méritos e condicións aportados para o seu ingreso na Academia.
- b) Por incumprimento das obrigas establecidas nestes estatutos.
- c) Por abandono dos deberes inherentes á condición de Membro da Academia ou daqueles expresamente contraídos en virtude dos cargos aceptados como directivo, ou responsable.
- d) Pola realización de actuacións con consecuencias negativas para a Academia.
- d) Pola violación dos secretos expresamente establecidos nas Asembleas, Xuntas e Comisións ás que pertenza, así como, no seu caso, polo incumprimento das normas fixadas regulamentariamente para o seu labor como Membro da Xunta Directiva.
- e) Por usurpación de funcións da Xunta Directiva, ou de calquera dos cargos designados.
- e) Pola utilización da condición de Membro da Academia para desenvolver actividades especulativas ou contrarias ás Leis.
- f) Por infracción do establecido no ARTIGO 27 dos Estatutos no caso de Membros da Xunta Directiva.

- f) Por malos tratos ou ofensas de palabra, xa sexa verbal ou escrita, ou de obra a outros Membros, empregados ou colaboradores da Academia.
- g) Por realizar actividades cuxa natureza prexudique os intereses materiais ou o prestixio da Academia, operacións de competencia, fraude, manifesta desconsideración aos reitores e representantes da entidade.
- g) Por realizar actos ou manifestacións inxuriosas, calumniosas ou difamatorias, verbais ou escritas, considerándose especialmente graves cando se realicen utilizando espazos, foros ou eventos da Academia.
- h) Pola falsificación de documentos, sinaturas, imaxes, cuños, marcas, claves ou datos análogos, relevantes para a relación da Academia co seus Membros ou con terceiros.
- h) Por calquera outro acto contrario ás Leis vixentes.
- i) Por incumprimento das súas obrigacións respecto do pago das cotas aprobadas.

ARTIGO 45°.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

1. Para acordar a separación da Asociación “Academia Galega de Teatro” dun Membro da mesma será necesaria a instrución do oportuno expediente, integrado polo prego de cargos debidamente notificado, no que deberán constar detalladamente os feitos que se lle imputan, a valoración sobre a súa gravidade e a sanción proposta, o prego de descargos presentado polo interesado no prazo de oito días naturais e a resolución ou sanción recaída sobre o mesmo mediante decisión adoptada pola Xunta Directiva.

2. Cando o expediente sancionador vaia referido a un Membro da Xunta Directiva, incluído o Presidente, e a sanción proposta sexa a separación da Asociación “Academia Galega de Teatro”, a Xunta Directiva unicamente poderá acordar dita medida preventiva de suspensión da condición de Membro da Asociación, debendo ser a separación sometida a votación na seguinte Asemblea.

3. En caso de que recaia sobre o Presidente sanción consistente na separación da Asociación, se deberán convocar inmediatamente novas eleccións, provéndose mentres tanto a suplencia prevista para o caso de incapacidade do Presidente.

[Handwritten signatures in blue ink]

[Signature: E. Qui.]

[Signature: J. G. Roy]

[Signature: Antonio S. ...]

[Signature: ...]

[Signature: ...]

[Signature: ...]

[Signature: ...]

[Signature: ...]

[Signature: ...]

TÍTULO QUINTO

RÉXIME XURÍDICO

CAPÍTULO ÚNICO

Lexislación e Xurisdición



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS





ARTIGO 46º.

En todo o non previsto nos presentes Estatutos, a Asociación “Academia Galega de Teatro” rexerase pola lexislación española, especialmente pola vixente Lei de Asociacións e disposicións complementarias.

A xurisdición será a que corresponda en aplicación da normativa vixente aplicable ao suposto concreto do que se trate.

[Handwritten signatures and marks in blue ink, including names like 'Qui.', 'Roz', 'Antoni S. S. S.', and various stylized initials and symbols.]

Son promotores e socios fundadores da asociación "Academia galega de Teatro":

NOMES	DNI	SINATURA
EDUARDO VICENTE ALONSO RODRÍGUEZ	32370706T	
ROSA MARÍA ÁLVAREZ CABO	34586171J	
ANTONIO FRANCISCO SIMÓN ÁLVAREZ PÉREZ	32380193B	
DAMIÁN FRANCISCO ÁLVAREZ VILLALAÍN	36025221E	
MARÍA INMACULADA ANTONIO SOUTO	32783186K	
MARÍA JESÚS BARCALA PORTO	35254830Q	
ERNESTO CHAO PINO	34532472L	
ÁNGELA MARÍA GARCÍA ABALO	35423354L	
MANUEL JOSÉ GARCÍA AREOSO	32446740L	
LUZ MARÍA GÓMEZ RODRÍGUEZ	32602584S	
MANUEL GUEDE OLIVA	34909356W	
XULIO LAGO ALONSO	35941981L	
FRANCISCO OTI RÍOS	32612147X	
GUSTAVO ADOLFO PERNAS CORA	32437796E	
JOSÉ MIGUEL PERNAS CORA	32431824F	
JOSÉ MANUEL RABÓN LAMAS	32332240J	
MANUEL FRANCISCO VIEITES GARCÍA	76333627P	

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Quedan VISADOS os presentes ESTATUTOS de ASOCIACIÓN.
2017-12-19-11
correspondendolle o número 12
do REXISTRO CENTRAL desta Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela

27 DEC. 2017

O/A ENCARGADO/A DO REXISTRO



Maria Amadora Rodríguez Carreira



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

A 21 de outubro de 2017

(1) ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DE TEATRO 30